



Aquí nenas, aquí todas,
debaixo do meu capote
heivos de casar a todas
se voso pai tén bo dote.

Viva el novio con la novia
y el cura que los casó,
y el padrino y la madrina
por los ver aquí ´stoy yo-ue.

A novia tén bo mantelo
que llo fixo o señor novio
cos collóns dun boi vermello.

Vindo polo camp´arriba
dixoll´o novio á novia:
“Que ben che está i-a mantilla”.

Vindo polo camp´abaixo
dixoll´o novio á novia:
“Que ben che está o refaixo”.

La madre que los pariou-e
los parió nunha barranca,
ahora le llamarán-he
higo de una yegua blanca.

Qué ben ch´está o sombreiro
ai como´ es Manolo das Artes
vache ser Manol´Arteiro.

Vasme ser Manol´Arteiro
estouche moi contenta,
i-o content´aquí
co furreiro e ca furreira.

Séntat´aquí un pouco,
sera-lo mais estimado
mentras que non entre outro.



Chégat´a cabo de min
que che quero preghuntar-e
en que ch´eu aborresín.

....

....

...bailadora,
que la vista non me enghaña,
baila el novio con la novia.

Manuel, Manueleiro,
Manuel, é quen che puxo
o caravel no sombreiro.
Ai la...

Esta noite va llover
que lleva serco la luna,
queira Dios no llueva palos
i-en las costillas de alguna.
Ai la...

Este ano eu fun a Laxe
e pó ano hei de volver
que me quedou a mantilla
no altar por recoller-e.
Ai la...

/:Baila, qu´ela bailará:/
se che parese pequena
deixa que xa medrará-ie.
Ai la...

Na túa porta, meniña,
teño de botar un peido
s´algunha cousa che pasa
non contes cas do rueiro.

Eu quería-me casar,
miña nai dime que é cedo
ela como está casada
non sabe a falta que teño.
Ai la...



Eu quería-me casar,
miña nai, non teño roupa
casa miña filla casa
qu'unha perna tapa a i-outra.
Ai la...

Se me dá-lo que ch'eu pido
amado de toda a vida
da sentura para baixo
das rodillas para riba.
Ai la...

Se me dá-lo chilro-milro
que tés debaixo da saia
i-eu douch'ó meu carambeiro
todo carghado de barba.
Ai ai la...

Té-lo sombreiro ben posto,
esas son as túas rendas
que cobras no mes d'aghosto.
Ai ai la...

Muiñeira punteada
muiñeira da Serra
báilocho de mala ghana
Ai la...

....
Ai la...

Non me deas na barrigha
que me doi que m'atromenta
un pouquiño máis abaixo
no caixón da ferramenta.
Ai ai la...

Todas las mujeres tienen
unha pucha con bigote
un poquito máis abaixo
la perdisión de los hombres.

María ten sete saias,
todas sete lle están ben,
debaixo das sete saias
tén a metora do tren.
Ai ai la..



Vámonos d'aquí qu' é i-hora
vén no carro das estrelas
ó largo da Feira Nova.
Ai la...